



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Eladia: Ola! Benvidos a un novo episodio de “Botar a lingua a pracer”, un podcast no que falamos de literatura galega.

Rosa: Somos Eladia e Rosa. Xa nos debedes coñecer. Levamos varios episodios percorrendo momentos clave do século XX.

Eladia : Que che pareceron as palabras de Otero, Rosa? Estaba lembrando a romaxe que fixo xunto con Risco e mais Ben-Cho-Sei en 1927. Foron de Ourense a Santo André de Teixido.

Rosa : (arfando) Agora entendo o título do podcast... O camiño de Nós...e o camiño de nosoutras ! Aló imos, seguindo os seus pasos....A Santo André de Teixido!
GRAVACIÓN

Rosa : Oes, Eladia, eu non entendo ben as palabras de Otero... unción feita pola man de Deus... galegitude... eu pérdome!!

Eladia : Os nosos intelectuais viaxan para sentir e coñecer a esencia de Galicia, para descubri-la con ollada atenta.

Rosa : E vaia se o fixeron! Ao rematar a viaxe, Otero vai recoller todo o camiño no libro “Pelerinaxes”.

Eladia : E no mesmo libro de Pelerinaxes Risco colabora cos seus debuxos de cruceiros, pazos, aldeas...

Rosa : A época dos anos 20 é un fervedoiro de actividades para os homes de Nós...

APUNTAMENTO HISTÓRICO

- *Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco nacen na década de 1880 na cidade de Ourense cunha diferenza de catro anos.*
- *Ambos os dous pertencen a familias acomodadas, o que lles permite estudar carreiras universitarias.*
- *En 1918, ao se integraren nas Irmandades da Fala, entran no galeguismo. Participan daquela na vida cultural facendo uso da lingua galega en iniciativas como a rev Nós ou Seminario Estudos Galegos.*
- *Despois da Guerra Civil, Risco afástase do nacionalismo e a literatura galega. Otero Pedrayo vese obrigado a retirarse á casa familiar de Trasalba, comezando un difícil exilio interior.*
- *A partir dos anos 50, Otero Pedrayo estará presente nas escasas iniciativas culturais dese tempo, ata a súa morte en 1976.*

(pasos)

Rosa : Entón... no capítulo de hoxe imos falar de dous grandes das nosas letras, Otero e Risco, non, Eladia? Veña, cóntame máis Otero Pedrayo...



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Eladia: Otero é o polígrafo da súa xeración. Pero polígrafo non da máquina da verdade, que xa te vexo vir, senón polí-grafo ...

Rosa: Xa sei, ho! Polígrafo quere dicir que escribiu moito e de todos os xéneros.

Eladia : Nove novelas, tres obras de teatro, case que unha ducia de ensaios, poemas, discursos...

Rosa : Vaia, ho! Iso non é pouca cousa!

Eladia : Deulle un grande pulo á nosa prosa. Non só no estilo, senón tamén no contido. Como sabía tanto de historia, vai incluír esta temática nas súas novelas.... Por exemplo, n“Os camiños da vida”.

Rosa : Ai, si, moito gustei eu dos Camiños da vida... ás veces enreda un pouco describindo a paisaxe, pero ese mundo antigo dos fidalgos... ninguén o conta coma el!

Eladia : E logo! A familia de Otero era de orixe fidalga. Tiñan un pequeno pazo pretiño de Ourense, polo que el coñecía ben como era esa vida.

Rosa : Otero anda en todas as iniciativas culturais e políticas do seu tempo. Coma... nas Irmandades!

Eladia : Igual ca todos os galeguistas da época! Tamén foi deputado por Ourense.

Rosa : E traballou xunto cos SEG, non si?

Eladia : Pois claro que traballou, muller! Dirixiu a sección de Xeografía de Galicia.

Rosa : E mira, xa sei que formou parte da xeración Nós, que lembro que falamos do seu libro “Arredor de si” como un texto no que explicaba...

Eladia : ... no que explicaba a evolución del mesmo e de toda a xeración: como foi o seu paso de inadaptados a galeguistas.

Rosa : Buf!! Nin falando da vida de Otero se me fai máis lixeiro o camiño, Eladia, pero que lonxe queda Santo André ...
(cantan, a destempo e desafinando, a canción “Non temos medo”, de Ruxe Ruxe)

*A San Andrés de Teixido/ seica ou vas de morto ou vas de vivo
Pero nós non temos medo, pero nós non temos medo*

Rosa : Oes! Dixeches que canda Otero ían máis na viaxe, non? Fálame agora deste... Risco.

Eladia : Uf, estes dous levan toda a vida xuntos! Compartiron xogos infantís, proxectos...

Rosa : E botan a andar a revista Nós no 1920 en Ourense...



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Eladia : Da que Risco é o director literario. Moito traballou organizando os temas da revista...

Rosa : ... e procurando que nela se falase das principais novidades europeas do momento...

Eladia : Risco era un home moi culto, con gustos moi refinados... practicaba ioga, sabía sánscrito...

Rosa : Pois si que era fino! Vaia intereses tan exóticos!

Eladia : De feito, o seu primeiro relato é “Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros”, onde fala da descuberta da momia de Tutankamon.

Rosa : Oes, Eladia, e que lle fai a este pasar das momias exipcias aos nosos defuntos?

Eladia : Pois... descobre que o que o fai singular é ser galego. De feito, foi un dos primeiros teóricos do noso nacionalismo.

Rosa : Claro! No ensaio “Teoría do nacionalismo” explica que a tradición, a lingua e a terra son os principais compoñentes da nación galega.

Eladia : E tamén dirixe a sección de Etnografía e Folclore do Seminario de Estudos Galegos!!

Rosa : Para min, o melloriño de Risco é a súa novela “O porco de pé”. Moito me gusta o seu inicio...

Eladia : Na posguerra don Celidonio ascendeu de porco a marrán e chegou a alcalde

Rosa : De porco a marrán...hahaha, mira que era fino este Risco, que ironía coas súas palabras!

Eladia : Esta novela é unha das máis innovadoras do seu tempo. Nela non deixa títtere con cabeza: búrlase de todo o urbano: ideoloxías, grupos sociais...

Rosa : Pero de quen máis se burla é do alcalde! Ai, malpocado don Celidonio!

Eladia : Pois anda que da súa muller e fillas... esas si que son malpocadas...

MÚSICA DO APARTADO ADICADO ÁS MULLERES: “HYMNE DE FEMMES” DE HABELAS HAINAS

Rosa: Ai, Eladia, que rabia me dá que as mulleres aparezan na obra de Risco como espantallos, para rirse delas.

Eladia: En fin, Rosa, non podemos esquecer que os homes de Nós viven nuns anos nos que a sociedade é a que é...



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Rosa: patriarcall!

Eladia : Eles non cuestionaban a situación de opresión das mulleres.

Rosa : pois eu lembro que cando lin o “Mitteleuropa” de Risco aparecían varias mulleres...

Eladia : Certo. En Alemaña reencóntrase con Margot Sponer

Rosa : A alemá que escribe sobre a lingua medieval na revista Nós.

Eladia : Dende Alemaña Risco tamén lle escribe cartas á súa muller, Carmen Fernández.

Rosa : Xa, para que coide dos fillos e da casa.

Eladia : Pois...non! Risco fala con ela con naturalidade, contándolle as súas experiencias intelectuais. Carmen era unha persoa moi influente na vida do seu home.

Rosa : Para influente... a nai de Otero. Oes, que se chamaba coma ti!! Coma ti non exactamente, porque ela era DONA Eladia.

Eladia : Haha... Otero esta moi unido á nai, porque quedou orfo con 15 anos.

Rosa : Xaaa, e será a súa nai a encargada de coidar do pazo de Trasalba... e vaia se o fai! Non che parece que hai mulleres na obra de Otero que a imitan moito?

Eladia : Certo! Sen ir máis lonxe, dona María, a nai do Adrián Solovio de “Arredor de si”

Rosa : Que agarda a que Adrián aclare por fin as ideas e volte pa casa!

Eladia : Para Adrián Solovio, a súa nai é o refuxio ao que regresa para sempre.

Rosa : Como Galicia! A nación, a terra nai...

MÚSICA PECHE APARTADO DEDICADO ÁS MULLERES: “Matriarcas” de Guadi Galego.

Eladia : Despois da guerra, Otero converterase no guieiro dos galeguistas máis mozos.

Rosa : Ai, si, pasa a ser coñecido como o Patriarca das letras... A mocidade universitaria de Santiago recorre a el para calquera actividade cultural neses anos...

Eladia : Xa no cabo do mundo, en Santo André, el tiña deixado claro o propósito da viaxe de “Pelerinaxes”...

Rosa : Non unicamente por estudar e coñecer a Terra...



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Eladia : ...senón para fundirse na sinxeleza da natureza e da raza...

Rosa : Que camiño percorreron estes homes, canto que agradecer!! Eladia, mágoa que teñamos que marchar...

Eladia: Unicamente... ata o próximo episodio... Xa sabes, Rosa, bo saber é calar...

Rosa : ...ata que sexa tempo de falar.

Soa música de peche: “Muiñeira” de Baiuca.

Rosa : Todas as historias que aquí se relatan, teñen por obxectivo chegar a literatura galega ás xeracións máis novas.

Eladia: Certo é, que ás veces nos tomamos algunha licenza, unicamente coa fin de ilustrar mellor as nosas palabras.

Rosa: Queremos agradecer a colaboración de todas as persoas que nos axudaron ao longo deste proceso:

Eladia: O Consello da Cultura Galega que nos facilitou as palabras do discurso de Otero Pedrayo.

Rosa : Tamén, a todos os que nos emprestaron a súa música:

Eladia: O “Midas”, de Tanxugueiras.

Rosa : O “Hymne de Femmes” de Habelas Hainas

Eladia: “Matriarcas”, de Guadi Galego .

Rosa : “Non temos medo!” De Ruxe Ruxe.

Eladia: e a “Muiñeira” de Baiuca

Rosa : Grazas especialmente a todas e todos os que nos escoitades.



TRANSCRICIÓN DO PODCAST

Eladia: Se vos gustou e queredes saber máis de nós seguídenos nas nosas Redes @lingua_a_pracer

Rosa : Compartide coa vosa xente... para así espallarmos polo mundo ...

XUNTAS...a historia da nosa literatura!